

# ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: SEMANA DO 18/05/20 – 22/05/20

MATERIA: LINGUA GALEGA

CURSO: 1º ESO A e C

PROFESORA: Chus

CONTACTO: [chusmm@edu.xunta.es](mailto:chusmm@edu.xunta.es)

MÉTODO DE CORRECCIÓN: enviar ao correo anterior. Non se devolverán corrixidos ata a seguinte semana.

## ACTIVIDADES: LEMBRAMOS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Esta semana as actividades estarán enfocadas a homenaxear a Ricardo Carvalho Calero, autor ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, porque, aínda que sexa desde o confinamento, as Letras Galegas merecen ser festexadas.

Seguramente vos chame a atención a ortografía do seu apelido Carvalho, co dígrafo lh, característico da lingua portuguesa. Tedes que saber que en Carvalho Calero se conxugan varias facetas, entre elas a de creador literario e lingüista; nesta última foi o máximo representante e defensor da Tese Reintegracionista, corrente que defende que o galego forma parte do mesmo sistema lingüístico que o portugués. Defendía unha ortografía unificada para o galego e o portugués, aínda que cada lingua tivese as súas particularidades.

Para coñecer o autor, propomos:

**1º Le as dúas breves biografías que incluimos ao final.**

**2º Completa as seguintes preguntas a partir da información da biografía:**

- Estuda a carreira de.....en .....
- Fai numerosas colaboracións con.....
- En 1963 publica unha das obras máis importantes titulada.....
- Un dos títulos de poesía que publica en 1980 é.....
- O seu falecemento prodúcese no ano.....na cidade de.....

**3º Señala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. Corrixe as falsas:**

1. A primeira obra narrativa publicada por Ricardo Carvalho Calero foi *Scórpio*.
2. Carvalho Calero tamén escribiu teatro. Unha das pezas teatrais titúlase *Farsa das zocas*.
3. A súa tese de doutoramento titúlase *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*.
4. Naceu en Ferrol en 1910 e finou en Vigo en 1990.
5. Despois da guerra civil foi condenado por separatista e encarcerado en Jaén.

**4º Crea un ACRÓSTICO.**

**Que é un ACRÓSTICO?**

*Un acróstico é unha composición poética na cal as letras iniciais, lidas en sentido vertical, dos versos forman unha palabra ou frase.*

Vós ides facer un ACRÓSTICO a partir do nome ou de cada un dos apelidos do autor homenaxeado, é dicir, tedes tres opcións a escoller:

1ª Un acróstico que teña como letras iniciais dos seus versos as letras de RICARDO.

2ª Un acróstico que teña como letras iniciais dos seus versos as letras do primeiro apelido, CARVALHO.

3ª Un acróstico que teña como letras iniciais dos seus versos as letras do segundo apelido, CALERO.

**EXEMPLO**

R (primeiro verso)

I (segundo verso)

C (terceiro verso)



A (cuarto verso)

R (quinto verso)

D (sexto verso)


O (sétimo verso)

## BIOGRAFÍA 1:



2

Voume disfrazar do escritor **Ricardo Carvalho Calero**, que é ese home da foto. Estou a poñer este pucho que fixen cun calcetín, para tapar o cabelo, porque Carvalho Calero andaba pelado. Despois vou pintar un bigotiño como o que el gastaba cando xa non era mozo.



3



Ola! Son Carvalho Calero, ghe, ghe! Vouvos contar como foi o día en que naceu Scórpio. Scórpio é o personaxe principal da miña novela titulada tamén **Scórpio**. Cando naceu era pequeno coma un coello.

Fixádevos ben! As palabras en  *cursiva*  son igualiñas ás que escribín eu. Ollade como escribo dun xeito moi parecido ao portugués! Empezo...



4



Scórpio naceu nun faiado. A nai, que se chamaba Antónia, era costureira e non gañaba para unha casa mellor.

Antónia deu onte a luz. Agora, a nai e o neno jazem na humilde cama.

5



6



Scórpio era pequeno como un coello, como todos os humanos cando nacemos. Mais era un meniño robusto.

A crianza é formosa, de bom peso, con umha abundante penugem loira na cabeza.

7



8



A nai de Scórpio era pobre, mais tiña leite abondo para fartar o seu filliño.

Aperta os punhos e os olhos cando está dormido, acarom da nai, saciado o seu apetite de leite materno.

9



Antonia estaba frouxa, como todas as nais despois de pariren. Notábaselle nos ollos, que os tiña apagados. Mais estaba ben.

*Todo está bem. No meio da pobreza que os rodeia, mai e fillo dam umha sensación de saúde...*

Galego  
Teclado Español



Unha veciña traíalle caldo, para que se recuperase. Traíalle tamén un cabezal e poñíallo sobre a súa almofada, para que se recostase nel e estivese máis cómoda.

*Antonia bebe em silêncio o seu caldo de galinha, obséquio da vizinha do baixo.*



A veciña pensaba en como ía vivir Antonia. Porque a coitada non tiña quen lle quedase co neno, mentres ía traballar de costureira. Terían que axudala as veciñas.

*Como vai viver?... que fará co seu neno se vai coser ás casas? Poucas amigas tem, tam pobres como ela.*



16

17

O pai de Scórpio podía axudar a nai a coidar o fillo, mais ninguén sabía quen era. E Antónia non o quería descubrir.

*Ela debería dizer quem é o pai... haveria que exigir-lhe a esse home ajuda para a mulher que perdeu e o fillo que engendrou.*

18

Ricardo Carvalho Calero naceu en **Ferrol**, o 30 de outubro de 1910. De mocíño foi estudar Dereito a Santiago de Compostela. Alí, ademais de estudar, participou na fundación do Partido Galeguista. Estudou tamén Filosofía e Letras, porque lle gustaba moito a literatura.


Na guerra de 1936 prendérono e impedíronlle ser profesor no ensino público. Pero foi director dun colexio privado en Lugo. E empezou a publicar libros de poesía, novelas, teatro e estudos sobre literatura. Tamén colaborou cos xornais.

Aos 48 anos entrou na Academia Galega. E, xa de vello, conseguiu ser catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. Nesa época xa non

podían impedir que fose profesor no ensino público. Carvalho Calero foi partidario de xuntar o galego e o portugués, porque son dúas linguas irmáns.

Escribiu moito: poesía, teatro, novelas, artigos nos xornais, estudos sobre literatura... Estes son algúns dos seus libros máis coñecidos: **Trinitarias**, **Salterio de Fingoy** (libros de poesía); **A xente na barreira**, **Scórpio**, (novelas); **Catro pezas** (teatro).

19



### Mimidicionario

JAZEM: xacen, están tombados.	FILHO: fillo.
CRIANÇA: criatura, nena ou neno pequeno.	SENSAÇOM: sensación.
FORMOSA: fermosa, linda, bela.	GAUNHA: galiña.
BOM: bo.	OBSEQUIO: agasallo, presente.
PENUGEM: penuxe, pluma lixeira e suave que teñen as crías das aves.	VIZINHA: veciña.
CABEÇA: cabeza.	VIVER: vivir.
PUNHOS: puños.	DEVERA: debera.
OLHOS: ollos.	DIZER: dicir.
ACAROM: a carón, ao lado.	HAVERIA: habería.
SACIADO: farto, satisfeito.	ESSE: ese.
MEIO: medio.	AJUDA: axuda.
	MULHER: muller.
	ENGENDROU: xerou, creou, deu a vida a un novo ser.

os bolechos™  
PEPE CARREIRO

Síguenos en:



Entra na nosa web e faite do club!  
[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)  
Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechos

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro  
Depósito legal: C 485-2020  
ISBN: 978-84-18176-10-4  
Impreso en Galicia

bolanda



REAL ACADEMIA GALEGA



as miñas primeiras Letras Galegas



# os bolandos

de Carlos



bolanda Edicións e Distribución



REAL ACADEMIA GALEGA

## BIOGRAFÍA 2:

**Ricardo Carvalho Calero** naceu no ano 1910 en Ferrol, onde comezou a publicar os seus primeiros versos. Tras cursar por libre o Bacharelato, trasladouse a Compostela para estudar Dereito e Filosofía e Letras e cumprir co servizo militar. Aquí entrou en contacto co galeguismo e cos movementos culturais da altura, nomeadamente co Seminario de Estudos Galegos. Foi este un momento de intensa militancia política xa que se integrou no movemento nacionalista e tomou parte no activismo estudantil. Ata 1932, en que ganou unha praza de funcionario municipal na súa vila natal, Carvalho Calero enviou numerosas colaboracións ás máis destacadas revistas literarias (*A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*) e principiou a publicación dos seus libros poéticos, primeiro en español e despois en galego.

O golpe militar sorprendeuno en Madrid e Carvalho posicionouse no bando republicano, entrando en combate como miliciano. Unha vez terminado o conflito, foi encarcerado, condenado por separatista e recluso no cárcere de Jaén. En 1941 o escritor regresou á súa cidade con liberdade condicional. Imposibilitado para exercer a función pública, refuxiouse no ensino privado (entre 1950 e 1965 no Colexio Fingoi de Lugo), continuando coa escrita en galego en todos os xéneros e restablecendo aos poucos o contacto cos galeguistas que ficaran no país. Paralelamente ao seu labor docente, desenvolveu nestes anos un importantísimo traballo investigador -iniciado coa súa tese de doutoramento, "Aportaciones a la literatura gallega contemporánea"- que tivo como froito máis valioso a publicación en 1963 da *Historia da literatura galega contemporánea*. Tamén nesta época, en 1958, ingresou na Real Academia Galega co discurso "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía". En 1963 obtivo por oposición a praza de adxunto no Instituto Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela, e en 1972 superou as probas que o converteron en titular da cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

Os estudos de Carvalho atinxiron igualmente a lingua. Recollendo a herdanza dos autores do Segundo Renacemento, Carvalho Calero, preocupado pola coherencia histórico-lingüística do galego e a pesar da férrea oposición que encontrou no camiño, mostrouse defensor das teses etimoloxistas que terán continuidade no movemento reintegracionista, feito que lle custaría ser marxinado nos últimos anos da súa vida. Así mesmo, desenvolvería un amplo labor como editor dos clásicos galegos e como atento analista da realidade sociolingüística da Galiza.

Ademais da súa extensísima obra ensaística, cultivou a poesía (*Vieiros*, 1931; *O silencio axionllado*, 1934; *Anxo de terra*, 1950; *Poemas pendurados dun cabelo*, 1952; *Salerio de Fingoy*, 1961; *Pretérito*

*Imperfeito*, 1980; *Futuro condicional*, 1982; *Cantigas de amigo e outros poemas*, 1986; *Reticencias...*, 1990), o teatro (*Catro pezas: A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre*, *Auto do prisioneiro*, 1971; *Teatro Completo*, 1982) e a narrativa (*Xente da Barreira*, 1951; *Scórpio*, 1987).

Pouco tempo despois de ser nomeado Fillo Predilecto de Ferrol, faleceu en Compostela no ano 1990.